



Detalle dunha das imaxes que Isaac Cordal tomou nas Rías Baixas: 'Trono de plástico' (Pontevedra, 2009).

Seres diminutos de cemento

► O pontevedrés Isaac Cordal realiza en Londres, becado pola Fundación Barrié de la Maza, o proxecto artístico 'Cement eclipses', que inclúe varias fotos tomadas nas Rías Baixas

BELÉN LÓPEZ

✉ blopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. As pezas que realizou Isaac Cordal (Pontevedra, 1974) para a súa serie 'Cement eclipses' son figuras humanas diminutas de cemento. «Son de pequenas dimensións», di. «Duns 25 centímetros aproximadamente». Foi reproducindo esas 'persoñas' a través de moldes de silicona e fotografounas en espazos de medio mundo: Berlín, Bruxelas, Lieja, Barcelona... «A maior parte das fotos foron tomadas en Londres entre setembro de 2008 e xaneiro de 2010. En Galicia fixen algunhas en Lugo e nas Rías Baixas, en Vigo e tamén en Pontevedra».

'Cement eclipses' é un proxecto que o creador pontevedrés Isaac Cordal, que pasou pola Escola de Canteiros de Poio e pola Escola de Belas Artes de Pontevedra, está a realizar durante a súa estancia en Londres. Na capital británica está estudando un máster en arte dixital na Camberwell School of Arts da University of the Arts London, cunha bolsa da Fundación Barrié de la Maza. «E tamén sigo intentando desenvolver o meu traballo artístico».

Cordal conta que 'Cement eclipses' é un proxecto relacionado co espazo urbano que discorre entre os campos da escultura e a fotografía. «As pequenas figuras son a representación dunha especie de metamorfose a través da que o ser humano abandona o seu

papel de cidadán mimetizándose coa cidade para lentamente irse convertendo en parte do seu mobiliario urbano», explica o creador. «Desta maneira confirma o seu illamento voluntario da natureza, camuflándose entre as beirarrúas, as rúas, as paredes, convertendo ese contorno no seu novo hábitat natural».

A LUZ. O título do proxecto fai referencia á sombra que proxectan os edificios sobre a urbe. «'Cement eclipses' indica ese momento en que os edificios modulan a luz natural das cidades», di.

A serie comezouse no ano 2006 como un proxecto itinerante e en continuo proceso de realización no que se mestura a instalación urbana co 'street art', tal e como se explica no dossier da iniciativa. «As figuras representan dunha maneira crítica e irónica escenas da nosa rutina diaria: unha compra, unha chamada telefónica, unha longa espera, a nosa indiferencia ecolóxica, etc. Escenas que contemplan perplexas a demolición e a reconstrución de todo o que nos rodea». Defíneo Vanesa Díaz Ote-

«'Cement eclipses' indica ese momento en que os edificios modulan a luz natural das cidades», explica Isaac Cordal



Detalle de 'Climate change expedition' (Londres, 2009).

ro na web de Cordal (www.isaac.alg-a.org): «Los muchachos de cemento de Isaac Cordal retratan las visiones del desamparo de hombres y las mujeres comunes».

O creador pontevedrés comenta que está buscando onde expoñer as súas fotos e «sobre todo busco editar un catálogo con elas».

«De momento espuxen algunhas das imaxes illadamente, pero quería facer unha exposición cunha serie completa que inclúa as esculturas de cemento a modo de instalación no mesmo espazo», remata.

Licenciado en Belas Artes en

2003, na especialidade de Escultura, Isaac Cordal é membro do colectivo de arte electrónica de Galicia ALG-A. Ten exposto en colectivas como a V Bienal Pintor Laxeiro de Lalín, os Novos Valores da Deputación de Pontevedra e o III Certame Novos Artistas do Auditorio de Galicia. Tamén ten presentado proxectos no Museo de Arte Contemporánea (Marco) de Vigo e no Centre de Cultura Contemporània de Barcelona.

SABER MÁIS:

en internet: www.isaac.alg-a.org, e sobre a intervención en Vigo, vimeo.com/731788

Xacobeo

Una exposición muestra en París la labor de Gelmírez

La exposición itinerante 'Compostela y Europa. La historia de Diego Xelmírez' recorre la historia de Santiago de Compostela, la consolidación del Camino y la construcción de la Catedral a principios del siglo XI a través de los viajes por Europa de este personaje «fundamental» para la capital gallega, según destacó ayer el comisario de la muestra, Manuel Castiñeiras, en su inauguración en la Ciudad de la Arquitectura y del Patrimonio de París. AXENCIAS

Literatura

Xavier Alcalá pecha a historia da represión aos evanxélicos

O escritor Xavier Alcalá presentou onte en Santiago a última entrega en castelán da súa triloxía 'Evanxélica Memoria' que, baixo o título 'Unha falsa luz', pecha a súa narración da «descoñecida» historia da represión sufrida polos evanxélicos en España e particularmente en Galicia dende Primo de Rivera e ata a ditadura de Franco. Así, esta última entrega en castelán, publicada por Ézaro Ediciones, conta «os avances e tropezos» do colectivo protestante durante os anos de apertura do réxime de Franco e completa a narración iniciada con 'Entre fronteiras' e continuada por 'Nas Catacumbas'. AXENCIAS

Música

Berrogüeto publicará el 6 de abril su nuevo disco, 'Kosmogonías'

El próximo 6 de abril saldrá a la venta 'Kosmogonías', el quinto trabajo del grupo de folk Berrogüeto, que introduce en este álbum matices de innovación y experimentación en la música tradicional gallega y que cuenta con la colaboración, entre otros, del escritor Manuel Rivas. AXENCIAS

¿Qué harías si DECORactiva y Hotpoint-Ariston te regalara una Cocina?

COMPRUEBALO EN

ARCOMAR

ARMARIOS COCINAS

c/ Virgen del Camino, 6. PONTEVEDRA
Teléf. 986 85 28 05 • Fax 986 84 84 96
arcomar@arcomar.net
www.arcomar.net

Ven a DECORactiva y pídenos presupuesto de tu nueva cocina. Puede Salirte GRATIS!
Porque durante el mes de marzo regalaremos una cocina para quien tú quieras.

tu cocina habla de ti

Disponemos de financiaciones de hasta 24 meses SIN INTERESES